

Programación de HARMONÍA



Conservatorio Profesional
de Música de Lalín

Índice

1. Introducción	4
1.1. Marco Legal	4
1.2. Características do centro	6
1.3. Características do alumnado	6
2. Obxectivos xerais das ensinanzas musicais	8
2.1. Grao Profesional	8
3. Obxectivos específicos das ensinanzas musicais	9
4. Obxectivos, contidos e criterios de avaliación da materia de Harmonía	11
4.1. Grao Profesional da materia de Harmonía	11
4.1.1 Obxectivos	11
4.1.2 Contidos	12
5. Metodoloxía	15
5.1 Principios metodolóxicos	16
5.2. Métodos didácticos	17
6. Atención á diversidade	18
7. Temas transversais	19
7.1. Educación en valores	19
7.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)	20
8. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	21
8.1. Cursos e clases maxistrais	21
8.2. Audicións	22
9. Secuenciación por cursos	23
9.1. Curso: 3º de Gran Profesional	23
9.1.1. Obxectivos	23
9.1.2. Contidos	23
9.1.3. Avaliación	25
9.1.4. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	29
9.1.5. Medidas de recuperación	29
9.1.6. Recursos didácticos	29
9.1.7. Bibliografía	30
9.2. Curso: 4º de Grao Profesional	31
9.2.1. Obxectivos	31
9.2.2. Contidos	31
9.2.3. Avaliación	33
9.2.4. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	36

9.2.5.	Medidas de recuperación.....	36
9.2.6.	Recursos didácticos.....	37
9.2.7.	Bibliografía.....	37

10.Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

39

11.Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento41

12.ANEXOS42

12.1.	Probas de acceso a 4º de Grao Profesional	42
12.1.1.	Contidos.....	42
12.1.2.	Criterios de avaliación.....	42
12.1.3.	Criterios de cualificación	42
12.2.	Probas de acceso a 5º de Grao Profesional	44
12.2.1.	Contidos.....	44
12.2.2.	Criterios de avaliación.....	44
12.2.3.	Criterios de cualificación	44

1. Introducción

Esta programación da materia de Harmonía de 3º e 4º de Grao Profesional ten a súa fundamentación legal no Decreto 203/2007. Atendendo ás idades de acceso aos estudos de música previstos pola Lei, elaborouse pensando nun alumnado de 14 e 15 anos, que xa realizaron os estudos de Linguaxe Musical, materia da cal é continuación a Harmonía. A importancia do estudo da Harmonía radica en que esta materia enténdese coma imprescindible para a completa formación do alumno como instrumentista-intérprete, xa que dotará a o alumnado das ferramentas harmónico-formais necesarias para a comprensión do seu repertorio, desenvolvendo así diferentes xeitos de coñecer máis profundamente as obras que interpreta. Do mesmo xeito, o estudo da Harmonía favorece unha educación auditiva máis completa, complementando así o desenvolvemento auditivo levado a cabo durante os estudos de Linguaxe Musical. Ademais, no caso dos alumnos de instrumentos polifónicos, o estudo da Harmonía desenvolverá a súa capacidade de repentización, xa que esta é unha actividade en moitos casos baseada na intuición harmónica.

1.1. Marco Legal

Para a elaboración desta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes documentos legais, clasificados atendendo á súa data de publicación, de menor a maior antigüidade:

- **INSTRUCCIÓNS do 31 de xullo de 2020**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento das ensinanzas de réxime especial para o curso 2020-2021.
- **ORDE do 29 de setembro de 2015** pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15. DOG do 6 de outubro de 2015.
- **DECRETO 229/2011**, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.

- **CIRCULAR 15/2011** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.
- **ORDE do 4 de agosto de 2011** pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.
- **DECRETO 223/2010**, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.
- **ORDE do 28 de xullo de 2008**, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.
- **CIRCULAR 21/2008** da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se regula a avaliación e cualificación dos alumnos e das alumnas que cursan as ensinanzas elementais de música e danza dispostas nos decretos 196/2007, do 20 de setembro e 198/2007, do 27 de setembro, polos que se establece a ordenación das ensinanzas de grao elemental de danza e de música, respectivamente.
- **ORDE do 8 de febreiro de 2008**, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.
- **DECRETO 198/2007**, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música. DOG do 25 de outubro de 2007.
- **DECRETO 203/2007**, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 31 de outubro de 2007.

- **CIRCULAR 9/2007** da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

1.2. Características do centro

O CMUS Profesional de Lalín é un Conservatorio de Música Municipal encastrado dentro dun Patronato Cultural. O Conservatorio atópase nun edificio situado ao noreste da vila de Lalín, na zona escolar denominada Rúa da Banda de Música de Lalín, nº 10. A rúa do Centro é unha rúa morta, sen saída, que dá acceso ao IES Ramón M^a Aller Ulloa e ao Parque do Pontiñas.

O edificio que alberga ao CMUS Profesional de Lalín é o Auditorio Municipal de Lalín. Este edificio divídese en dúas zoas de aulas diferenciadas divididas pola Sala “Tuno Valdés”. O Centro conta con dúas zoas de aulas, dous auditorios, biblioteca, zoa de oficinas, cabinas de estudo, etc. O edificio está compartido con outras asociacións e diversas actividades culturais.

Lalín está situado na Comarca do Deza, corazón de Galicia, nunha zoa de ampla influencia musical, rodeado por Concellos con numerosas bandas de música.

O horario do CMUS é de tarde. Durante o curso escolar é dende as 15:30 ata as 22:00 horas.

1.3. Características do alumnado

O centro conta cunha media de 175 alumnos e alumnas, variando a súa procedencia segundo a idade e o curso que realizan. Así, a maioría dos alumnos do grao elemental pertencen ao concello de Lalín, agás algúns que veñen para cursar especialidades como piano. No Grao Profesional atopámonos con alumnos de Concellos próximos como Silleda, Agolada, Chantada, etc.

Un feito que condiciona a permanencia no CMUS dos alumnos é o momento no que acoden á Universidade, provocando o maior número de baixas entre o alumnado, posto que se teñen que desprazar a vivir lonxe.

Hai que destacar a importancia das bandas de música na nosa zoa de influencia, feito que condiciona a elección do instrumento e o interese polo estudo do mesmo.

As principais motivacións para o estudo neste Centro son:

- A obtención dun título que lles abra saídas profesionais, e que posibilibite a continuidade de estudos no grao superior de música.
- A calidade da ensinanza.
- A ubicación do Conservatorio.

As expectativas de futuro do alumnado varían segundo o grao no que se atopan: os/as alumnos/as de grao elemental teñen como principal obxectivo obter unha formación que lles permita gozar da música e poder continuar os seus estudos. O alumnado do grao profesional manifesta as súas preferencias por dedicarse á docencia e á práctica instrumental (orquestra, banda, coro, cámara, solista, etc.), e, se cadra, continuar os seus estudos nun Conservatorio Superior de Música.

No estudo individual do alumnado resalta o esforzo, a análise do repertorio e a comprensión do mesmo. Como gran problema sobresa a falta de tempo, especialmente no grao profesional, debido á gran cantidade de horas que o alumnado pasa no seu centro de ensinanza obrigatoria. Outros problemas son a falta de organización, de constancia e concentración no estudo.

O clima existente entre o alumnado e o profesorado do centro é óptimo, sendo este un dos valores máis apreciados por ambas partes.

É de destacar que as preferencias do alumnado no seu tempo de lecer, sigan relacionadas coa música, debido á importancia que dan á asistencia a concertos ou á escoita da mesma na casa.

Como conclusión, extraemos que ao ser este un centro de ensinanza artísticas o grao de satisfacción do alumnado co centro é alto, por non ser obrigatórios os devanditos estudos.

2. Obxectivos xerais das ensinanzas musicais

2.1. Grao Profesional

O Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, indica no artigo 2º que a súa finalidade é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, ordenándose en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

Esta finalidade acádase ao longo dos seis cursos dos que consta este grao coa consecución dos seguintes obxectivos que aparecen enumerados no artigo 3º do mesmo Decreto:

- a) Habituar a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
- b) Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.
- c) Analizar e valorar a calidade da música.
- d) Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis axeitados para o desenvolvemento persoal.
- e) Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.
- f) Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.
- g) Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.
- h) Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.

Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

3. Obxectivos específicos das ensinanzas musicais

A diferenza do Decreto 198/2007, que establece a ordenación do currículo das ensinanzas elementais, no Decreto 203/2007 de ordenación das ensinanzas profesionais recóllense no artigo 6º os obxectivos específicos destas, que serán desenvolvidos de xeito máis concreto no currículo de cada materia e que citaremos nos seguintes apartados deste mesmo punto.

Estes obxectivos específicos ou capacidades que deben ser adquiridos polo alumnado do grao profesional das ensinanzas de música son:

- a) Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo da especialidade elixida.
- b) Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as funcións e as transformacións nos contextos históricos.
- c) Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- d) Formar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsable do conxunto.
- e) Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fóra dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.
- f) Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.
- g) Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.
- h) Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordo coas esixencias das obras.
- i) Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades.

des que xurdan na interpretación.

j) Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.

k) Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente obras escritas en todas as linguaxes musicais, afondando no coñecemento dos estilos e das épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un destes.

l) Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

4. Obxectivos, contidos e criterios de avaliación da materia de Harmonía

4.1. Grao Profesional da materia de Harmonía

En canto aos elementos curriculares do grao profesional que serviron de base para a elaboración desta programación, estes pódense consultar no Anexo II do Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música.

4.1.1 Obxectivos

As ensinanzas de Harmonía dos estudos profesionais de música terán como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- a) Coñecer os elementos básicos da harmonía e as súas características, funcións e transformacións nos contextos históricos.
- b) Empregar en traballos escritos os elementos e os procedementos estudados da harmonía tonal.
- c) Desenvolver o oído interno na análise e na realización de exercicios escritos.
- d) Identificar a través da audición os acordes e os procedementos estudados da harmonía tonal.
- e) Identificar a través da análise de obras os acordes e os procedementos máis comúns da harmonía tonal e as transformacións temáticas.
- f) Comprender a interrelación dos procesos armónicos coa forma musical.
- g) Aprender a valorar a calidade da música.
- h) Ter actitude crítica ante a escasa calidade harmónica que puidese presentarse tanto en músicas propias ou alleas como en harmonizacións creadas por medios electrónicos de xeito automático.
- i) Tocar esquemas básicos no piano.
- j) Ser capaz de tocar os traballos realizados no piano.

4.1.2 Contidos

- O acorde.
- Consoancia e disonancia.
- Estado fundamental e inversión dos acordes tríadas e de sétima sobre todos os grados da escala e dos acordes de novena de dominante.
- Enlace de acordes.
- Tonalidade e funcións tonais.
- Elementos e procedementos de orixe modal presentes no sistema tonal.
- O ritmo harmónico.
- Cadencias perfecta, imperfecta, plagal e rota.
- Procesos cadenciais.
- Modulación: diatónica e cromática, por cambio de función tonal, cambios de ton e modo, etc.
- Flexións introtonais.
- Progresión unitonais e modulantes.
- Series de sextas e de sétimas.
- Emprego dos elementos e procedementos anteriores na realización de traballos escritos.
- Práctica auditiva e instrumental que conduza á interiorización dos elementos e dos procedementos aprendidos.
- Análise de obras para relacionar os devanditos elementos e procedementos, así como as transformacións temáticas dos materiais empregados co seu contexto estilístico e a forma musical.

Criterios de avaliación

- 1) **Realizar exercicios a partir dun baixo cifrado dado.** Con este criterio de avaliación trátase de comprobar o dominio do alumnado no referente á mecánica de encadeamento de acordes e a súa aplicación a una realización coidada e interesante desde o punto

de vista musical.

- 2) **Realizar exercicios de harmonización partindo dun soprano dado sen cifrar.** Con este criterio avaliarase a capacidade para empregar cun sentido sintáctico os acordes e procedementos harmónicos por medio ducha realización coidada e interesante, con especial atención á voz do baixo.
- 3) **Realizar exercicios de armonización de baixos dados sen cifrar.** Este criterio permite avaliar a capacidade do alumnado para empregar con sentido sintáctico os acordes e procedementos harmónicos, así como a súa habilidade para a consecución dunha realización correcta e interesante desde o punto de vista musical, con especial atención á voz de soprano.
- 4) **Compoñer exercicios breves a partir dun esquema harmónico dado ou propio.** Este criterio de avaliación permitirá valorar a capacidade do alumnado para crear na súa integridade pequenas pezas musicais a partir das indicacións harmónicas esquemáticas ou dos procedementos que se lle propoñan, así como a súa habilidade para acadar una realización lóxica, coidada e interesante, con especial atención ás voces extremas.
- 5) **Identificar auditivamente os principais elementos morfolóxicos da harmonía tonal.** Mediante este criterio poderá avaliarse o progreso da habilidade auditiva do alumnado a través da identificación dos tipos de acordes estudados, en estado fundamental e nas súas inversións.
- 6) **Identificar auditivamente os principais procedementos sintáticos da harmonía tonal.** Este criterio de avaliación permitirá valorar o progreso da habilidade auditiva do alumnado no recoñecemento do papel xogado polos acordes dentro dos elementos formais básicos (cadencias, progresións, etc.).
- 7) **Identificar auditivamente estruturas formais concretas.** Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado para identificar a forma en que está construída unha obra, así como para comprender a estreita relación entre a devandita forma e os procedementos harmónicos empregados.
- 8) **Identificar, mediante a análise de obras, os elementos morfo-**

lóricos da harmonía tonal. Con este criterio poderase valorar a habilidade do alumnado no recoñecemento dos acordes estudados e a súa comprensión dende o punto de vista estilístico.

- 9) **Identificar, mediante a análise de obras, os procedementos sintácticos e formais da harmonía tonal.** Mediante este criterio será posible avaliar a habilidade do alumnado para recoñecer os procedementos harmónicos estudados e os elementos formais básicos, o seu papel funcional e a súa comprensión dende o punto de vista estilístico.
- 10) **Identificar, mediante a análise de obras, os procedementos de transformación temática.** Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado para recoñecer as transformacións temáticas dos materiais que interveñen nunha obra e a súa relación co contexto harmónico e estilístico.
- 11) **Identificar auditivamente erros en exercicios preparados con esta finalidade, e propoñer solucións.** Preténdese avaliar a habilidade do alumnado para detectar por medio da audición os defectos que poidan aparecer nun fragmento de música, así como a súa capacidade para propoñer alternativas adecuadas.
- 12) **Identificar, mediante a análise, erros en exercicios preparados con esta finalidade, e propoñer solucións.** Isto permitirá valorar a habilidade do alumnado para detectar por medio da análise os defectos que poidan aparecer nun fragmento de música, así como a súa capacidade para propoñer solucións axeitadas.

5. Metodoloxía

A materia de Harmonía impártese en clases colectivas, porén a maior parte dos coñecementos transmitíranse segundo o modelo de clase maxistral. A pesares diso, ou mellor, precisamente por iso, deberá haber espazos onde o profesor poida ter uns minutos individualmente con cada un dos alumnos para un mellor segmento e para garantir unha mellor aprendizaxe.

Para dar resposta a todo o anterior, e de xeito xeral, as estratexias metodolóxicas adaptaránse á madurez do alumnado e aos factores contextuais da clase, como son o tempo dispoñible e os espazos e recursos cos que se conte.

5.1 Principios metodolóxicos

Os principios que rixen a elaboración desta programación didáctica dotándoa de coherencia e sentido son:

- **Actividade:** a Harmonía é un dos fundamentos da composición musical e esta require dunha serie de destrezas que se adquiren mediante a práctica.
- **Autonomía:** Cada alumno/a será orientado nas súas clases, ensinándolle a traballar de forma independente.
- **Creatividade:** Ao tratarse dunha ensinanza artística, toda actividade que realicemos tratará de estimular o pensamento e a imaxinación, buscando conseguir que os nosos alumnos non repitan somentes o que decimos e pedimos.
- **Individualización:** A nosa ensinanza da materia é colectiva a maior parte do tempo, por elo debemos habilitar determinadas franxas da clase para poder corrixir exercicios individuais para unha mellor aprendizaxe e seguemento.
- **Flexibilidade e diversidade de estratexias didácticas:** Co fin de conquistar os obxectivos propostos poderemos realizar as adecuacións que fosen precisas na temporalización dos contidos.
- **Convivencia:** Xa que a nosa materia impártese en clases colectivas, fomentarse en todo momento un clima de cordialidade e de respecto entre o alumnado.
- **Significación:** Esta será unha das vías de motivación que empregaremos, presentando o que se aprende como algo que será útil noutras situacións, que terá aplicacións reais.
- **Interdisciplinariedade:** Buscaremos relacionar os contidos da nosa materia cos das outras materias do currículo que cursa o noso alumnado para dotalos dunha maior significación.

5.2. Métodos didácticos

Á hora de decidir os métodos didácticos para esta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes enfoques:

- **Modelo constructivista:** Tomando como idea principal que o coñecemento é unha construción persoal na que o/a alumno/a elabora significados propios a partir duns coñecementos previos, a través dunha actividade intelectual e práctica.
- **Aprendizaxe significativa:** Este modelo de aprendizaxe está moi relacionado co constructivista, xa que a adquisición de coñecementos polo alumno realízase construíndo sobre os seus propios esquemas, sumando información sobre a que xa ten, que lle será útil para aplicar noutras situacións.

Para que esto se produza, debemos ter en conta ao longo de toda actividade:

- a) Que o alumnado teña unha boa actitude, algo que se consegue facéndolle ver que o que están a facer ten sentido, é dicir ten unha razón, unha finalidade, así como fomentando o bo clima de clase, a autoconfianza, etc.
- b) Que o que se ensine presente unha estrutura lóxica dentro da materia, enfocando o traballo de forma globalizadora.
- c) Que as novas aprendizaxes se relacionen cos coñecementos previos, é dicir, os contidos deben ter significatividade psicolóxica.
- d) Que sexan conscientes da importancia do estudo individual, fomentando o interese e o respecto polo hábito de estudo e ensinándolles a maneira de que ese tempo sexa eficiente.

6. Atención á diversidade

A diversidade constitúe un valor que enriquece e diversifica a realidade, esixindo no plano educativo unha maior atención por parte do profesorado.

É un feito que os alumnos que acceden a un conservatorio presentan diferenzas individuais e non todos os alumnos aprenden ao mesmo ritmo nin teñen as mesmas capacidades, polo que será labor do profesorado adecuar a práctica docente ás necesidades e características do alumnado.

Para dar resposta á diversidade, desde a clase de Harmonía teremos en conta as seguintes pautas:

- Traballar con materiais abertos e flexibles, que plantexen diversas estratexias para o logro dos coñecementos.
- Ter en conta as diferenzas individuais e de grupo que se detectan na avaliación inicial: os intereses do alumnado, o contacto que tiveron coas actividades, as destrezas adquiridas, etc.
- Buscar orientación externa, de ser necesario, co propio centro como mediador.
- Respetar o ritmo de aprendizaxe de cada alumno.
- Diversificar as actividades para lograr os obxectivos.
- Plantexar actividades de diferente dificultade e integrar aos alumnos na máis apropiada ao seu nivel.
- Fomentar a pedagogía do éxito, é dicir, valorar os pequenos logros de cada un e considerar positivamente o seu proceso de aprendizaxe.
- Potenciar o traballo das actitudes para lograr o respecto de todos.

A atención á diversidade constitúe un indicador moi positivo da saúde do noso sistema educativo, xa que un sistema que tamén intenta dar resposta a todos eses nenos e nenas con deficiencias a nivel persoal e con características cognitivas por encima da media, é un sistema educativo cercano ás necesidades reais do educando. Neste sentido a nosa programación didáctica intentará establecer os instrumentos necesarios, en consonancia cos outros documentos do centro, para lograr unha educación musical comprensiva e de calidade.

7. Temas transversais

A nosa materia tamén trata esta serie de elementos transversais que son abordados desde cada unha das diferentes asignaturas que comprenden o currículo das ensinanzas de réxime especial de música, e que nos dan a oportunidade de reflexionar sobre a dimensión máis persoal da educación.

7.1. Educación en valores

Á hora de abordar a educación en valores seguiranse as seguintes consignas:

- A **educación ambiental** tratarémola a través do coidado pola produción excesiva de sons por parte do alumnado, a concienciación sobre contaminación acústica, e a través da importancia que se lle debe de dar ao silencio como marco de calquera actividade musical.
- En canto á **educación para a saúde**, abordarémola a través da práctica corporal, aprendendo a apreciar e valorar o propio corpo e as súas posibilidades de movemento, tendo en conta e incidindo sobre a educación postural e a adquisición dun correcto tono muscular. Ademais, a música, polos seus compoñentes afectivos, fisiolóxicos e intelectuais, tamén incide de forma positiva no equilibrio persoal e anímico das persoas.
- No referente á **educación para a igualdade de sexos**, partiremos de que a música non está relacionada co sexo do alumnado, e de que toda actividade musical en grupo partirá do principio de integración, de colaboración e de respecto mutuo entre os integrantes da clase independentemente do sexo ao que pertencen.
- A **educación para a paz e a tolerancia** traballarase a partir de pezas doutras culturas e das relacións que se establezan coas persoas da contorna.
- A **educación para o lecer** traballarase a partir do concepto productivo do ocio, a través da asistencia a concertos, audicións, recitais e outras actividades culturais, ademais de fomentar a escoita de música e a lectura de libros relacionados co traballado na clase.
- En canto á **educación do consumidor** trataremos que o alumnado adquiera unha actitude crítica ante o fenómeno musical, axudándolles a forxar un criterio á hora de decantarse por diferentes versións, e

propiciando dese modo un aumento da súa capacidade de elección á hora de consumir música.

- Para rematar, a **educación moral e cívica** abordarémola ao ter presente o respecto ás normas e a necesidade da súa existencia, todas referidas aos compañeiros, ao material da aula, ao profesor/a, etc. como poden ser a actitude de escoita, o respecto aos demais...

7.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

Hoxe en día é difícil pensar nun modelo pedagóxico que non se complemente cos recursos tecnolóxicos, permitindo unha formación máis completa e posibilitando unha renovación na pedagogía e na didáctica. A educación ten que avanzar ao paso da sociedade co fin de enriquecerse mutuamente.

Na materia de Harmonía empregaremos as TIC de diversos xeitos:

- Empregando materiais audiovisuais.
- Dando a coñecer ao alumnado e empregando as diferentes ferramentas existentes no mercado e relacionadas coa materia.
- Promovendo a creación dun grupo de traballo do alumnado, no cal poder resolver e comentar as dúbidas que lle xurdan respecto da materia, así coma compartir outro tipo de información a modo de recordatorio (datas de entrega de exercicios, tarefas pendentes de realizar, etc.).

NOTA. O feito de facer un mal uso das mesmas referida á estricta práctica da materia, ou de outras que nada teñan que ver coas imprescindibles para as prácticas propostas en cada clase sen a aprobación do mestre/a, suporá que o alumnado en cuestión realice as súas prácticas con lápis e papel.



8. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Dentro da Sección II do Proxecto Educativo de Centro do noso conservatorio, referente ás normas de organización e funcionamento, e concretamente no título cuarto do capítulo 4, establécese que estas actividades poderanse clasificar en actos institucionais, cursos e clases maxistrais, audicións e outros.

O alumnado de Harmonía terá o dereito de asistir, aínda que non a obriga, ás actividades culturais e de promoción das ensinanzas que se organicen dende o Departamento de Composición.

A organización de todas as actividades extraordinarias e complementarias do conservatorio correspóndenlle, como norma xeral, ao Equipo de Actividades Culturais e á Vicedirección como coordinadora do devandito equipo. Para todas estas actividades agás as audicións de aula (non sendo casos especiais que así o requiran), establecerase un plan de actuación que pode ser consultado no artigo 36º do título cuarto da sección do Proxecto Educativo do Centro anteriormente citado.

8.1. Cursos e clases maxistrais

Os cursos e clases maxistrais que se desexen organizar, una vez aprobados no seo do departamento correspondente, trasladaranse ao Consello Escolar onde se debaterán, e se son autorizados pasarán a ter a consideración de actividades extraescolares ou complementarias do centro.

No caso de que o Departamento de Composición teña algunha proposta, ésta deberá ser tratada no mes de setembro e sería incluída na Programación Xeral Anual. As propostas posteriores a esta data, poderán terse en conta, sempre que sexan autorizadas pola Dirección do centro.

8.2. Audicións

Eliminadas todas as restriccións relacionadas coa COVID, o CMUS de Lalín poderá organizar audición e concertos de xeito normal e habitual durante o curso. Dad a natureza teórica da materia de Harmonía, ésta poderá participar nas audicións indirectamente, xa que é posible que algúns dos traballos do alumnado, sobre todo aqueles musicalmente e harmónicamente máis interesantes, poidan ser interpretados por grupos de cámara para amosar o traballo que se realiza na materia.

9. Secuenciación por cursos

9.1. Curso: 3º de Gran Profesional

9.1.1. Obxectivos

- Coñecer os elementos básicos da harmonía tonal, as súas características e funcións.
- Empregar en traballos escritos os elementos e procedementos básicos da harmonía tonal.
- Desenvolver o oído harmónico e a capacidade de escoitar internamente encadeamentos tonais simples, tanto na análise como na realización de exercicios escritos.
- Indentificar a través da audición a funcionalidade e a natureza dos acordes propios da tonalidade e os procedementos máis comúns da harmonía tonal.
- Aprender a valorar a calidade da música.
- Ter actitude crítica ante a escasa calidade harmónica que puidera presentarse tanto en música propias como alleas, como en harmonizacións xeradas por medios electrónicos de xeito automático.

9.1.2. Contidos

- **Unidade 1.** Introducción
 - Do Renacemento ao Barroco. Desenvolvemento da tonalidade.
 - Dos modos ás escalas maiores e menores.
 - O periodo clásico: afirmación da tonalidade.
 - O periodo romántico: preservación da tonalidade.
 - O século XX: ruptura ca tonalidade.
- **Unidade 2.** O acorde e as súas particularidades.
 - Consonancia e disonancia.
 - O acorde.
 - O modo maior. Clasificación dos acordes.

- Cifrado dos acordes triadas en estado fundamental.
- Disposición dos acordes.
- **Unidade 3.** Encadeamento dos acordes triadas por enlace harmónico.
 - Encadeamento de dous acordes triadas.
 - Encadeamento do acordes triadas en pequenas frases.
 - A Progresión das Progresións.
 - A Progresión por quintas.
- **Unidade 4.** Harmonía disonante no modo maior.
 - O VII grao. Fórmulas melódico-harmónicas para a súa introdución.
- **Unidade 5.** Elementos de variedade melódica nas realizacións harmónicas a catro partes.
 - Cambio de disposición.
 - Movemento contrario en todas as voces respecto do baixo.
- **Unidade 6.** Inversión dos acordes triadas.
 - A primeira inversión.
 - Duplicacións nos acordes de sexta.
 - Encadeamento de acordes en estado fundamental e primeira inversión.
 - Encadeamento de acordes en estado fundamental e primeira inversión en pequenas frases.
 - Harmonía disonante no modo maior. A primeira inversión do acorde sobre o VII grao.
 - Indicacións a ter en conta para evitar erros nas prácticas.
 - Fórmulas melódico-harmónicas. Doble e triple cifrado sobre unha mesma nota do baixo.
 - Serie de sextas.
 - A segunda inversión.
 - Harmonía disonante no modo maior. Segunda inversión do acorde sobre o VII grao.
- **Unidade 7.** Os acordes tétradas ou de sétima no modo maior.

- O acorde de sétima en estado fundamental. Preparación, ataque e resolución.
 - Encadeamentos preparando a sétima coa terceira do acorde anterior.
 - Encadeamento co acorde de preparación en primeira inversión.
 - Encadeamentos preparando a sétima coa quinta do acorde anterior.
 - Encadeamento co acorde de preparación en segunda inversión.
 - Recurso melódico-harmónico. A serie de sétimas.
 - Inversión dos acordes de sétima no modo maior.
 - Introducción da sétima sen preparación.
- **Unidade 8.** O modo menor.
- Os sons de resolución e movemento obrigatorio das escalas en modo menor.
 - Encadeamento dos acordes triadas no modo menor.
 - A progresión ii^o - V - i.
 - Flexión ao modo maior. Introducción á modulación.
 - Falsa relación cromática.
 - O acorde aumentado sobre o +III grao.
 - Inversión dos acordes tríadas no modo menor.
 - Os acordes de sétima no modo menor.

9.1.3. Avaliación

En termos xerais, a avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Para elo utilizaranse procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexerase por unha serie de principios xerais como son a obxectividade, tendo en conta a dificultade de avaliar unha

disciplina artística, a transparencia, xa que se aplicarán os criterios de calificación contidos nesta programación didáctica, e a accesibilidade, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe sen limitarse únicamente á calificación trimestral ou final.

9.1.3.1. Criterios de avaliación

- Compoñer os seus propios exercicios partindo dun esquema harmónico dado ou propio.
- Identificar auditivamente os elementos morfolóxicos máis básicos da harmonía tonal.
- Identificar erros nos exercicios e propoñer solucións.
- Identificar mediante a análise os elementos morfolóxicos da harmonía tonal.
- Identificar mediante a análise os procedementos sintácticos e formais da harmonía tonal.
- Tocar no piano esquemas harmónicos ou exercicios propios ou dados.

9.1.3.2. Mínimos esixibles

Os obxectivos mínimos serán o dominio mínimo de todos e cada un dos obxectivos presentes nesta programación.

9.1.3.3. Procedementos e ferramentas de avaliación

O alumnado ao longo do curso deberá ser quen de:

- Lograr os obxectivos propostos.
- Realizar as actividades programadas dentro do curso de xeito satisfactorio amosando o correcto manexo e comprensión dos contidos traballados.

Dado que a avaliación é continua, os procedementos de avaliación serán os seguintes:

- **Observación directa.** Comprenderá a corrección colectiva ou individual de exercicios na clase comprobando que o alumnado sabe aplicar a teoría nos exercicios escritos e realiza as modificacións propostas polo mestre/a; corrección colectiva ou individual de exercicios para recoñecer erros e suxerir

solucións; anotación no caderno de clase do profesor dos obxectivos acabados polo alumnado nos diferentes exercicios realizados; recollida de datos nas fichas do alumnado, que comprenderá tamén aspectos relacionados co comportamento, o interese pola materia, e a participación activa na clase. Todas as prácticas serán realizadas con medios informáticos: por unha banda, para as prácticas na aula empregarase o programa MUESCORE e a ferramenta [SHARPMONY](#). É importante que todo aquel alumnado que dispoña de equipos informáticos nos domicilios, descarguen o programa MUESCORE para realizar prácticas na casa. Para as prácticas de aula o alumnado deberá traer sempre auriculares con cable e conexión jack 3.5mm. Algunha destas actividades, a instancia do mestre/a, serán recollidas na ligazón da aula virtual <https://www.edu.xunta.gal/centros/cmusprofesionallalin/aulavirtual/> ou en [iDoceoConnect](#), segundo estipule o mestre/a, que serán realizadas na aplicación [SHARPMONY](#) na súa versión web ou app., da que o centro, a través da aula de Harmonía, colabora coa Universidade de Extremadura no seu desenvolvemento. Non se admite, salvo causa moi xustificada, a entrega das tarefas noutros formatos diferentes do de Sharpmony.

As actividades que se entreguen fóra do prazo establecido terán a consideración de non entregadas. Non se admite ningún outro medio de entrega que non sexa a entrega directa na aula virtual ou en iDoceoConnect, segundo estipule o mestre/a.

- **Exame trimestral.** O alumnado deberá realizar un exame que consistirá na realización dun exercicio de composición propia e/ou un exercicio sobre un baixo proposto con cifrado tradicional ou americano e en formato dixital coa axuda da aplicación [SHARPMONY](#). No caso do cifrado americano o alumnado deberá escribir o cifrado tradicional correspondente. O alumnado deberá entregar unha copia en pdf do exame realizado en Sharpmony na ligazón <https://www.edu.xunta.gal/centros/cmusprofesionallalin/aulavirtual/> ou en [iDoceoConnect](#), segundo estipule o mestre/a. Esta proba poderá incluír, de ser o caso, algunha actividade a realizar na web www.teoria.com da que terán que entregar o resultado nas ligazóns mencionadas neste apartado.

- **Criterios de cualificación**

O resultado de cada avaliación será a media ponderada obtida nos seguintes aspectos:

- **Observación directa:** 40%.

Esta porcentaxe quedará repartida proporcionalmente entre todas as actividades que o alumnado teña realizado ou entregado na aula virtual. Quere dicir que, si un alumno ou alumna realiza e entrega todas as actividades, computará o 40%. Si entrega ou realiza algunhas das actividades, computará a parte proporcional. **NON se terán en conta as actividades que sexan entregadas fóra de prazo ou por outros medios distintos ao de entrega directa na aula virtual ou en iDoceoConnect, segundo estipule o mestre/a.**

• **Exame trimestral:** 60%

Este proba está especificada xa no apartado anterior referente ao exame trimestral. O alumnado, para o exercicio de composición propia, poderá traer preparado un esquema harmónico básico e logo na aula desenvólvelo e completalo a catro voces. Terá carácter individual, polo que o alumnado non pode compartir información nin deixar o seu propio exercicio para que outro/a alumno/a poida copialo ou telo coma modelo. É preciso que traian auriculares con cable e conexión jack 3.5mm. Antes de que expire o prazo de realización, esta proba deberá entregarse en pdf en formato SHARPMONY na ligazón <https://www.edu.xunta.gal/centros/cmusprofesionallalin/aulavirtual/> ou en [iDoceoConnect](#), segundo estipule o mestre/a. Non se admite a entrega, baixo ningunha circunstancia, por ningún outro medio que non sexa o da entrega directa na aula virtual ou en [iDoceoConnect](#). Non se admite, salvo causa moi xustificada, a entrega do exercicio noutro formato que non sexa o de Sharpmony. No caso de detectarse exercicios sospeitosamente similares, que puidesen dar lugar a ser interpretados coma copiados, o ou os alumno/s presuntamente infractores deberán realizar de novo a proba fóra do horario de clase para comprobar que ten/teñen adquirido/s os obxectivos e criterios de avaliación correspondentes. A nota será a obtida nesta última proba.

A proba que non se entregue no prazo establecido para elo terá a consideración de non entregada e non computará. Non se admite ningún outro medio de entrega que non sexa a entrega directa na aula virtual ou en iDoceoConnect, segundo estipule o mestre/a.

Se por calquera circunstancia non se pudiera desenvolver a proba trimestral do xeito anteriormente descrito, achegaranse outros medios de realización, comunicando o modo de realización con antelación suficiente ao alumnado. Sempre que criterios actitudinais como o comportamento, o interese, a participación na clase, asistencia, etc. sexan positivos, no caso de cualificacións con decimais, se pasa de ..,5 achegárase ao decimal superior ou poderase subir a nota ao

número enteiro superior sempre que se cumpla cos criterios actitudinais reflectidos anteriormente.

A nota final de xuño, e que será a que reflectiremos no boletín informativo, obtense da media ponderada das tres avaliacións.

9.1.4. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Avaliarase a excelencia do alumnado que aspira á ampliación de matrícula mediante una proba na que o alumnado deberá amosar ter acadado todos os obxectivos do curso.

9.1.5. Medidas de recuperación

Serán necesarias no caso de que o alumnado non acade os obxectivos mínimos esixibles ou perda o dereito á avaliación continua por acumulación de faltas. Considérase que o alumnado perde o dereito á avaliación continua cando acumula catro (4) faltas nun mesmo trimestre ou doce (12) no total do curso.

9.1.5.1. Procedementos de recuperación ordinarios

O alumnado que por estas faltas teña perdido o dereito á avaliación continua terá dereito a un exame alternativo ao final de curso, no mes de xuño. Esta proba seguirá o mesmo protocolo da proba extraordinaria descrita nesta programación.

9.1.5.2. Proba extraordinaria

A proba consistirá nun único exercicio de realización dunha composición propia ou un exercicio sobre un baixo con cifrado tradicional ou americano. No caso do cifrado americano, o alumnado deberá escribir o cifrado tradicional. Nesta proba deberán amosar o dominio dos contidos do curso e que será realizado empregando os mesmos medios cos que se estivo traballando ao longo do curso. A nota final será a obtida nesta proba.

9.1.6. Recursos didácticos

Piano.

Equipo de música.

Libro de texto. Manual de Armonía aplicada. Estrategias didácticas para el aula empleando la IA. Makaral Ediciones.

Ordenadores ou tablets.

Proxector.

Recursos dixitais.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/cmusprofesionallalin/aulavirtual/>

<https://sharpmony.unex.es>

<https://connect.idoceo.net>

<https://www.teoria.com>

9.1.7. Bibliografía.

Manual de Armonía aplicada. Estrategias didácticas para el aula empleando la Inteligencia Artificial. Makaral Ediciones..... J. Bugallo

Tratado de Armonía..... A. Schoenberg

El lenguaje de la Armonía..... LL. Vergés

Teoría Musical y Armonía Moderna..... E. Herrera

9.2. Curso: 4º de Grao Profesional

9.2.1. Obxectivos

- Coñecer os elementos básicos da harmonía tonal, as súas características e funcións.
- Empregar en traballos escritos os elementos e procedementos básicos da harmonía tonal.
- Desenvolver o oído harmónico e a capacidade de escoitar internamente encadeamentos tonais simples tanto na análise como na realización de exercicios escritos.
- Identificar a través da audición a funcionalidade e a natureza dos acordes propios da tonalidade e os procedementos máis comúns da harmonía tonal.
- Comprender a interrelación dos procesos harmónicos coa forma musical.
- Aprender a valorar a calidade da música.
- Ter actitude crítica ante a escasa calidade harmónica que puidera presentarse tanto en música propias como alleas, como en harmonizacións xeradas por medios electrónicos de xeito automático.
- Recoñecer mediante a análise os elementos e procedementos da harmonía tonal.

9.2.2. Contidos

- **Unidade 1.** Encadeamento de acordes que non teñen notas comúns.
 - Encadeamentos de acordes en estado fundamental que non teñen enlace harmónico.
 - Preparando a sétima coa fundamental.
 - Indicacións para empregar os movementos conxuntos e de salto no baixo.
- **Unidade 2.** As cadencias.
 - Conceptos xerais.
 - Emprego das cadencias.
 - Ampliación das cadencias. O retardo 4-3 ou acorde sus4.

- Funcións tonais dos acordes triadas e de sétima.
- **Unidade 3.** Ampliación dos recursos harmónicos no modo maior.
 - Acordes de intercambio modal
 - Emprego do acorde II-7(b5). Introducción dos acordes de novena maior e menor de dominante.
 - Emprego do acorde bIV.
 - Emprego do acorde bVII.
 - O acorde bII ou de sexta napolitana.
 - O acorde de sétima diminuída no modo maior.
 - O acorde aumentado.
- **Unidade 4.** Modulación.
 - Concepto xeral. Introducción aos procedementos modulatorios.
 - Acordes de dominante secundarios.
 - Procedementos modulatorios. Modulación diatónica.
 - Procedementos modulatorios. Modulación cromática.
 - Procedementos modulatorios. Modulación enharmónica.
 - O acorde de sétima diminuída na modulación enharmónica.
 - Procedementos modulatorios. Modulación introtonal ou tonicización.
 - Outros procedementos modulatorios. Modulación directa.
- **Unidade 5.** Os acordes dominantes substitutos.
 - O acorde substituto enharmonizando o tritono.
 - O acorde de sexta aumentada.
 - Sexta aumentada italiana.
 - Sexta aumentada francesa.
 - Sexta aumentada alemá.
- **Unidade 6.** As notas de adorno disonantes.
 - A nota de paso.
 - O floreo ou bordadura.

- A apoiatura.
- O acorde sobre-tónica.
- **Unidade 7.** Harmonización dun soprano ou dunha melodía dada.
 - Harmonización tipo coral homofónico.
 - Harmonización en estilo clásico e música moderna.
 - Introducción ao concepto de reharmonización.

9.2.3. Avaliación

En termos xerais, a avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Para elo utilizaranse procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexerase por unha serie de principios xerais como son a obxectividade, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, a transparencia, xa que se aplicarán os criterios de calificación contidos nesta programación didáctica, e a accesibilidade, dado que alumnado e as familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe sen limitarse unicamente á calificación trimestral ou final.

9.2.3.1. Criterios de avaliación

- Compoñer exercicios propios partindo da voz de baixo.
- Realizar exercicios de harmonización partindo dunha melodía dada.
- Identificar auditivamente os principais procedementos sintácticos da harmonía tonal.
- Identificar mediante a análise os procedementos sintácticos da harmonía tonal.
- Identificar mediante a análise os elementos morfolóxicos da harmonía tonal.

- Tocar no piano os exercicios o un esquemas propios ou dados.

9.2.3.2. Mínimos esixibles

Os obxectivos mínimos serán o dominio de todos e cada un dos obxectivos presentes nesta programación.

9.2.3.3. Procedementos e ferramentas de avaliación

O alumnado ao longo do curso deberá ser quen de:

- Lograr os obxectivos propostos.
- Realizar as actividades programadas dentro do curso de xeito satisfactorio amosando o correcto manexo e comprensión dos contidos traballados.

Dado que a avaliación é continua, os procedementos de avaliación serán os seguintes:

- **Observación directa:** Comprenderá a corrección colectiva ou individual de exercicios na clase comprobando que o alumnado sabe aplicar a teoría nos exercicios escritos e realiza as modificacións propostas polo mestre/a; corrección colectiva ou individual de exercicios para recoñecer erros e suxerir solucións; anotación no caderno de clase do profesor dos obxectivos acabados polo alumnado nos diferentes exercicios realizados; recollida de datos nas fichas do alumnado, que comprenderá tamén aspectos relacionados co comportamento, o interese pola materia, e a participación activa na clase. Todas as prácticas serán realizadas con medios informáticos: por unha banda, para as prácticas na aula empregárase o programa MUESCORE e a ferramenta [SHARPMONY](#). É importante que todo aquel alumnado que dispoña de equipos informáticos nos domicilios, descarguen o programa MUESCORE- para realizar prácticas na casa. Para as prácticas de aula o alumnado deberá traer sempre auriculares con cable e conexión jack 3.5mm. Algunha destas actividades, a instancia do mestre/a, serán recollidas na ligazón da aula virtual <https://www.edu.xunta.gal/centros/cmusprofesionallalin/aulavirtual/> ou en [iDoceoConnect](#), segundo estipule o mestre/a, que serán realizadas na aplicación [SHARPMONY](#) na súa versión web ou app., da que o centro, a través da aula de Harmonía, colabora coa Universidade de Extremadura no seu desenvolvemento. Non se admite, salvo causa moi xustificada, a entrega das tarefas noutros formatos diferentes do de Sharpmony.

As actividades que se entreguen fóra do prazo establecido terán a cosideración

de non entregadas. Non se admite ningún outro medio de entrega que non sexa a entrega directa na aula virtual ou en iDoceoConnect, segundo estipule o mestre/a.

- **Exame trimestral.** O alumnado deberá realizar un exame que consistirá na realización dun exercicio de composición propia e/ou un exercicio sobre un baixo proposto con cifrado tradicional ou americano e en formato dixital ca axuda da aplicación [SHARPMONY](#). No caso do cifrado americano o alumnado deberá escribir o cifrado tradicional correspondente. O alumnado deberá entregar unha copia en pdf do exame realizado en Sharpmony na ligazón <https://www.edu.xunta.gal/centros/cmusprofesionallalin/aulavirtual/> ou en [iDoceoConnect](#), segundo estipule o mestre/a. Esta proba poderá incluír, de ser o caso, algunha actividade a realizar na web www.teoria.com da que terán que entregar o resultado nas ligazóns mencionadas neste apartado.

9.2.3.4. Criterios de cualificación

O resultado de cada avaliación será a media obtida nos seguintes aspectos:

- **Observación directa:** 40%.

Esta porcentaxe quedará repartida proporcionalmente entre todas as actividades que o alumnado teña realizado ou entregado na aula virtual. Quere dicir que, si un alumno ou alumna realiza e entrega todas as actividades, computará o 30%. Si entrega ou realiza algunhas das actividades, computará a parte proporcional. **NON se terán en conta as actividades que sexan entregadas fóra de prazo ou por outros medios distintos ao de entrega directa na aula virtual ou en iDoceoConnect, segundo estipule o mestre/a.**

- **Exame trimestral:** 60%.

Este proba está especificada xa no apartado anterior referente ao exame trimestral. O alumnado, para o exercicio de composición propia, poderá traer preparado un esquema harmónico básico e logo na aula desenvólvelo e completalo a catro voces. Terá carácter individual, polo que o alumnado non pode compartir información nin deixar o seu propio exercicio para que outro/a alumno/a poida copialo ou telo coma modelo. É preciso que traian auriculares con cable e conexión jack 3.5mm. Antes de que expire o prazo de realización, esta proba deberá entregarse en pdf en formato SHARPMONY na ligazón <https://www.edu.xunta.gal/centros/cmusprofesionallalin/aulavirtual/> ou en [iDoceoConnect](#), segundo estipule o mestre/a. Non se admite a entrega, baixo nin-

gunha circunstancia, por ningún outro medio que non sexa o da entrega directa na aula virtual ou en [iDoceoConnect](#). Non se admite, salvo causa moi xustificada, a entrega do exercicio noutro formato que non sexa o de Sharpmony. No caso de detectarse exercicios sospeitosamente similares, que puidesen dar lugar a ser interpretados coma copiados, o ou os alumno/s presuntamente infractores deberán realizar de novo a proba fóra do horario de clase para comprobar que ten/teñen adquirido/s os obxectivos e criterios de avaliación correspondentes. A nota será a obtida nesta última proba.

A proba que non se entregue no prazo establecido para elo terá a consideración de non entregada e non computará. Non se admite ningún outro medio de entrega que non sexa a entrega directa na aula virtual ou en iDoceoConnect, segundo estipule o mestre/a.

Se por calquera circunstancia non se pudiera desenvolver a proba trimestral do xeito anteriormente descrito, achegaranse outros medios de realización, comunicando o modo de realización con antelación suficiente ao alumnado. Sempre que criterios actitudinais como o comportamento, o interese, a participación na clase, asistencia, etc. sexan positivos, no caso de cualificacións con decimais, se pasa de ...,5 achegárase ao decimal superior ou poderase subir a nota ao número enteiro superior sempre que se cumpla cos criterios actitudinais reflectidos anteriormente.

A nota final de xuño, e que será a que reflectiremos no boletín informativo, obtense da media ponderada das tres avaliacións.

9.2.4. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Avaliarase a excelencia do alumnado que aspira á ampliación de matrícula mediante una proba na que o alumnado deberá amosar ter acadado todos os obxectivos do curso.

9.2.5. Medidas de recuperación

Serán necesarias no caso de que o alumnado non acade os obxectivos mínimos esixibles ou perda o dereito á avaliación continua por acumulación de faltas. Considérase que o alumnado perde o dereito á avaliación continua cando acumula catro (4) faltas nun mesmo trimestre ou doce (12) no total do curso.

9.2.5.1. Procedementos de recuperación ordinarios

O alumnado que por estas faltas teña perdido o dereito á avaliación continua terá dereito a un exame alternativo ao final de curso, no mes de Xuño. Esta proba seguirá o mesmo protocolo da proba extraordinaria descrita nesta programación.

9.2.5.2. Proba extraordinaria

A proba consistirá nun único exercicio de realización dunha composición propia ou un exercicio sobre un baixo con cifrado tradicional ou americano, ou. Hrmnización dunha melodía dada. No caso do cifrado americano, o alumnado deberá escribir o cifrado tradicional. Nesta proba deberán amosar o dominio dos contidos do curso e que será realizado empregando os mesmos medios cos que se estivo traballando ao longo do curso. A nota final será a obtida nesta proba.

9.2.6. Recursos didácticos

Piano.

Equipo de música.

Libro de texto Manual de Armonía aplicada. Estrategias didácticas para el aula empleando la IA, Makaral Ediciones.

Ordenador ou tablet

Proxector.

Recursos dixitais:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/cmusprofesionallalin/aulavirtual/>

<https://sharpmony.unex.es>

<https://connect.idoceo.net>

<https://www.teoria.com>

9.2.7. Bibliografía

Manual de Armonía aplicada. Estrategias didácticas para el aula empleando la Inteligencia Artificial. Makaral Ediciones..... J. Bugallo

Tratado de Armonía.....	A. Schoenberg
El lenguaje de la Armonía.....	LL. Vergés
Teoría Musical y Armonía Moderna.....	E. Herrera

10.Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Seguindo as instrucións que se recollen no artigo 2º da Orde do 8 de febreiro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música na Comunidade Autónoma de Galicia, e que indican que *“[...]a avaliación terá un carácter formativo e orientador do proceso educativo e proporcionará unha información constante que permita mellorar tanto os procesos coma os resultados da intervención educativa[...]”*, este departamento leva a cabo unha tripla avaliación: do proceso de aprendizaxe (que se desenvolveu no apartado correspondente de cada curso), da programación didáctica e da nosa labor docente.

O seguimento e avaliación das programacións será rexistrado por cada docente e tratado nas reunións periódicas do departamento, quedando constancia na acta daquelas desviacións e modificacións acordadas. Estas ideas e propostas de mellora serán incluídas na memoria final do departamento, xa que servirán de base para a elaboración da programación didáctica do vindeiro curso.

Por outra banda, a misión da Comisión de Coordinación Pedagóxica será a de garantir que as programacións didácticas dos distintos departamentos presenten coherencia secuencial entre todas elas, e indicar, se é o caso, as modificacións pertinentes que deberán ser realizadas polos departamentos.

Dende o Departamento de Composición para avaliar a nosa programación didáctica teremos en conta os seguintes aspectos:

- **Obxectivos:** Adecuación ás necesidades específicas do alumnado e do Proxecto Educativo do Centro.
- **Contidos:** Validez na súa elección con respecto aos obxectivos plantexados e adecuación ao nivel do alumnado.
- **Actividades:** Atención á diversidade das capacidades e adecuación aos intereses do alumnado e aos seus ritmos de aprendizaxe.
- **Criterios metodolóxicos:** A adecuación e coherencia dos mesmos.
- **Os medios e recursos:** Avaliación dos criterios para a elección dos medios e recursos didácticos e a súa adecuación aos obxectivos propostos.

- **A avaliación:** Comprobarase a idoneidade e a adecuación entre criterios de avaliación, técnicas e procedementos, así como entre os criterios de avaliación, contidos e obxectivos.
- **Alumnado:** A relación co alumnado, ademáis do clima de convivencia e traballo.

11.Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Do mesmo xeito que se indica no punto anterior, a avaliación do labor docente supón un dos tres elementos a avaliar dentro do noso sistema educativo xunto co proceso de aprendizaxe e a programación didáctica.

Será misión do profesorado realizar a análise dos datos que obteña trala avaliación do alumnado e da programación didáctica para realizar as diferentes adaptacións ou adecuacións das estratexias metodolóxicas co fin de mellorar os resultados acadados.

Para levar a cabo este proceso poderase contar tamén coa análise das enquisas de satisfacción do alumnado como vía alternativa ás clases para obter datos directos relativos á súa función.

Nas reunións do departamento trataranse todos estes puntos ademáis dos que o profesorado considere relevantes, sen descoidar aspectos como os recursos materiais e persoais dos que dispón o propio departamento para ofrecer unha ensinanza de calidade, trasladando á Comisión de Coordinación Pedagóxica todo aquilo que se estime oportuno.

12. ANEXOS

12.1. Probas de acceso a 4º de Grao Profesional

12.1.1. Contidos

O exame de acceso a 4º de Grao Profesional constará dunha única proba que pode ser realizada do seguinte xeito:

- Realización dun exercicio baseado nun baixo dado, con cifrado tradicional ou americano. No caso do cifrado americano, o alumnado deberá escribir o cifrado tradicional.
- Realización dun exercicio de composición propia adecuado aos contidos do curso inmediatamente anterior.

O/a aspirante disporá de dous medios para realizar a proba: ben en papel ou en soporte informático a través do programa MUESCORE ou da aplicación SHARPMONY, soportes que se empregan de xeito habitual durante o curso.

Para realizar o exercicio en soporte informático, o/a aspirante deberá vir provisto de auriculares con cable e conexión jack 3.5mm. Para realizar a proba en papel, o/a aspirante deberá traer lápis e goma de borrar. O centro facilitaralle papel pautado para que poida realizar o exercicio antes de pasalo a limpo.

12.1.2. Criterios de avaliación

Amosar que ten adquiridos os obxectivos correspondentes ao curso inmediatamente anterior.

12.1.3. Criterios de cualificación

No caso dun exercicio de composición propia:

Corrección e variedade no cifrado e emprego dos acordes	35 %
Emprego dos recursos e fórmulas melódicas e elementos de variedade con sentido artístico e adecuados aos contidos do curso	35 %
Consecución dunha boa liña do baixo	25 %

No caso dun exercicio baseado nun baixo dado:

Corrección e emprego das diferentes posibilidades no encadeamento de acordes

100 %

12.2. Probas de acceso a 5º de Grao Profesional

12.2.1. Contidos

O exame de acceso a 5º de Grao Profesional constará dunha única proba que pode ser realizada do seguinte xeito:

- Realización dun exercicio baseado nun baixo dado ou dunha melodía dada. No caso do baixo poderá estar escrito con cifrado tradicional ou americano. No caso do cifrado americano deberá escribir o cifrado tradicional.
- Realización dun exercicio de composición propia adecuado aos contidos da materia do curso inmediatamente anterior.

O/a aspirante disporá de dous medios para realizar a proba: ben en papel ou en soporte informático a través do programa MUESCORE ou da aplicación SHARPMONY, soportes que se empregan de xeito habitual durante o curso.

Para realizar o exercicio en soporte informático, o/a aspirante deberá vir provisto de auriculares con cable e conexión jack 3.5mm. Para realizar a proba en papel, o/a aspirante deberá traer lápis e goma de borrar. O centro facilitaralle papel pautado para que poida realizar o exercicio antes de pasalo a limpo.

12.2.2. Criterios de avaliación

Amosar que ten adquiridos os obxectivos correspondentes en cada unha das áreas das que consta a proba.

12.2.3. Criterios de cualificación

No caso dun exercicio de composición propia:

Corrección e variedade no cifrado e emprego dos acordes	35 %
Emprego dos recursos e fórmulas melódicas e elementos de variedade con sentido artístico e adecuados aos contidos do curso	35 %
Consecución dunha boa liña do baixo	25 %

No caso dun exercicio baseado nun baixo dado:

Corrección e emprego das diferentes posibilidades no encadeamento de acordes

100 %